

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ARTEIXO
Edificio	Igrexa de Santo Estevo de Morás
Dirección	Lugar do Igrexario, 2. 15690
	43.29902563582435 -8.473183413078772
Protección	
Descrición	<p>Consta de unha soa nave e unha ábsida rectangular abovedada, cos contrafortes unidos en dous arcos semicirculares. O fondo da ábsida ten unha xanela románica, de arcos de medio punto, cegada. A fachada sinxela con saeteiras laterais e portadas ós pés e a ámbolos muros. Coas reformas que se fixeron no século XVIII, desapareceron a fachada e o muro occidental. No interior da nave cubríase de madeira a dúas augas e a ábsida con bóveda de canón apuntada, propia da segunda metade do século XII. No presbiterio éntrase por un arco triunfal apuntado sobre semicolumnas acaroadas.</p> <p>No ano 1791 desplomouse a cuberta da nave arruinando o muro norte e a fachada. A reparación do enorme dano, obrigou a tapiar cunha porta a ábsida que se mantivo intacta, gastando nela tres mil reais por parte dos feligreses e que lle foron deducidos dos diezmos que a freguesía aboáballe á Colexiata da Coruña. Das intervencións que se fixeron, ademais do dito muro e fachada, engadíuselle a espadana e a sancristía. Do período románico consérvanse as pezas labradas dos canzoriños e capiteis do interior da ábsida, con temas zoomorfos e cabezas de can baixo as cornixas. As lousas cadradas do chan antigo cubren na actualidade o adro do templo, mentres a portada sur de arco semicircular e a ventana da ábsida, ámbalas románicas, atópanse, como xa dixemos, tapiadas.</p> <p>As medidas desta igrexa son de 11,35 metros de longo que coincide con 35 pés carolínxios, unidade francesa de uso común no románico, e que correspondía co tamaño do pé de Carlomagno (pé de rei), e de 6,5 metros de ancho interior da nave, 20 pés carolínxios. O interior da ábsida as medidas son de 5,7 por 4,45 metros (17,5 x 13,5 pés carolínxios). Os datos coñecidos sobre este templo remóntanse ó ano 1141 na que a viuva do conde Fernando pérez de Traba, Dona Sancha González, retirouse para facer vida monástica ó cenobio de Cambre. A condesa donou ó mosteiro de Cambre, a igrexa e freguesía de Morás, coas súas pertenzas e dereitos, dos que dispoñía por concesión do rei galego Afonso VII.</p> <p>Hai tamén no século XII referencias a esta igrexa denominada “Moralias” que fora consagrada polo arcebispo Xelmírez. O prelado adquirira varias igrexas xa existentes na comarca de Nendos e Faro, para restauralas e consagralas de novo.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET

Data

14-03-2014

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Campá pequena (1)	OCAMPO, HERMANOS	1964	68	182
Espadana	Campá grande (2)	CAGIGAL PEREDO, JOAQUÍN DE	1819	69	190

Información completa: [Igrexa de Santo Estevo de Morás - ARTEIXO \(GALICIA\)](#)

PDF (11-06-2026)